

Veciño, contra as talas de **SEAGA** **www.somosunmonte.com**

infórmate



**somos
un monte**

1. SEAGA está a entrar nas fincas cun procedemento administrativo de **EXECUCIÓN SUBSIDIARIA** por orde do CONCELLO.
2. Pola Lei de Procedemento Administrativo Común a Administración está obrigada a dispor de consentimento do titular ou autorización xudicial para entrar nas fincas privadas cunha **EXECUCIÓN SUBSIDIARIA**.
3. A Lei de Procedemento Administrativo Común é **Lei de mínimos** que a XUNTA e o CONCELLO están obrigados a cumprir.
4. A XUNTA DE GALICIA excede a súa competencia lexislativa ao empregar a Lei 3/2007 de Prevención de Incendios para modificar o Procedemento Administrativo Común e non cumprir coa **obriga mínima** de dispor de consentimento para entrar nas fincas. O que dí Lei de Prevención Incendios sería nulo e SEAGA non pode entrar nas fincas sen autorización.
5. **O decomiso emprégase no ámbito penal.** O dita un Xuiz para apropiarse dos bens que estean relacionados con delitos penais. **Unha plantación de eucalipto non é unha plantación de DROGA.** Ter eucaliptos e pinos na finca non é delito.
6. **O procedemento de EXECUCIÓN SUBSIDIARIA non se pode empregar para decomisar bens privados nin para expropiar ou confiscar ou apropiarse destes.** A madeira que SEAGA retire ten que quedar a disposición do dono.
7. Nunha Execución Subsidiaria o obrigado ten que pagar as costas da execución. **Non se poden facer EMBARGOS PREVENTIVOS** e que SEAGA se apropie da madeira para pagar as costas da execución e moito menos quedarse o valor que exceda destas costas.
8. **As costas da EXECUCIÓN SUBSIDIARIA dun propietario NON se poden pagar co que se DECOMISE a outros propietarios.** Vai en contra do principio de igualdade
9. **SEAGA é unha empresa CON ÁNIMO DE LUCRO** como todas as empresas, sexan públicas ou privadas. O interese de SEAGA está no beneficio que obtén na madeira que se leva sen pagar.

QUE NON TE ASOBALLEN !